

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE FABRICANTES DE CONSERVAS DE PEIXES E MARISCOS (ANFACO-CYTMA) PARA A PROMOCIÓN E A MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN DAS CONSERVAS DE PRODUTOS PESQUEIROS NO ANO 2026

En Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, dona Marta Villaverde Acuña, conselleira do Mar, nomeada polo Decreto 35/2025, de 4 de xuño, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra, don Roberto Carlos Alonso Baptista de Sousa, con DNI n.º 53.194.599-S, en representación da Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos – Centro Técnico Nacional de Conservación de Productos de la Pesca (en adiante ANFACO-CYTMA), coas facultades recoñecidas na escritura de apoderamento de data 02/06/2022, outorgado ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Miguel Lucas Sánchez e co n.º de protocolo 1610.

EXPOÑEN

PRIMEIRO:

Que a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola é un dos principais motores da economía galega que sitúa a Galicia, pola riqueza da súa produción, como a primeira das comunidades pesqueiras da Unión Europea.



SEGUNDO:

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

Neste sentido a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

TERCEIRO:

Que ANFACO-CYTMA, en tanto que asociación singular sen ánimo de lucro do complexo mar-industria, representativa da práctica totalidade do sector conserveiro dos produtos pesqueiros en Galicia, que conta entre os seus fins a realización de todas aquelas accións encamiñadas á promoción dos produtos derivados da pesca, desenvolve para o sector do marisqueo e a acuicultura actividades de asesoría especializada, formación, promoción, investigación e apoio á actividade comercial nacional e internacional. Nesta liña de actuacións está a organizar varias actividades para a mellora da competitividade, promoción e posta en valor do sector, como os encontros globais para a mellora da competitividade do sector; actividades experienciais, degustacións e eventos de promoción de conservas e outros produtos do mar; presenza en un festival de música; accións de promoción internacional; campaña de posicionamento dixital das conservas e produtos transformados de peixe e marisco; realización de materiais de promoción do sector. En tanto estas son actuacións únicas promovidas por ANFACO-CYTMA, e considerando a súa ampla representatividade como elemento lexitimador necesario das actividades propostas, enténdese que ANFACO-CYTMA



é a única asociación do sector conserveiro capacitada para executar o investimento inmaterial obxecto deste convenio de colaboración, polo que non se considera posible promover a concorrencia competitiva con outras asociacións do sector.

Que a Consellería do Mar e ANFACO-CYTMA están interesados na potenciación do sector da conservación e transformación dos produtos pesqueiros en Galicia, así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven desta industria, polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción das conservas de produtos pesqueiros.

CUARTO:

O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, establece no seu artigo 3 que o FEMPA contribuirá á aplicación da PPC e da política marítima da Unión, tendo entre as súas prioridades a de fomentar as actividades sustentables de acuicultura, así como a transformación e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura, contribuíndo así á seguridade alimentaria na Unión (Prioridade 2).

No artigo 26 do devandito Regulamento (UE) 2021/1139 establécese que o apoio no marco desta prioridade 2 abarcará intervencións que contribúan á consecución dos obxectivos da PPC establecidos no artigo 2 de Regulamento (UE) 1380/2013, por medio de determinados obxectivos específicos, entre os que se atopan o de promover a comercialización, a calidade e o valor engadido dos produtos da pesca e da acuicultura.

O programa “Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura: Programa para España” contempla, de cara a acadar o obxectivo específico 2.2 a través da “mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas”, apoiar accións de promoción, a apertura de novos mercados e consolidación dos xa existentes. En concreto, contéplase apoiar operacións consistentes en campañas de comunicación e promoción dos produtos e a actividade de pesca sostible, a organización e participación en feiras, congresos,



eventos, seminarios e exposicións, promoción de produtos con dificultades para a súa introdución nos mercados, así como proxectos de análise que sirvan para avaliar e planificar a dirección e impacto das campañas de promoción dos produtos e as actividades da pesca e a acuicultura, de cara a busca de novos mercados.

Deste xeito o Programa apoia, entre outras moitas accións relacionadas, potenciar o coñecemento da actividade pesqueira e acuícola.

Polo tanto, o obxecto do presente convenio considérase que cumpre cos requisitos de elixibilidade (S) establecidos no Programa Operativo do FEMPA 2021-2027 de España.

Así mesmo, consideraranse elixibles (S) tódolos custes, IVE incluído, segundo o previsto no artigo 64 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

Ademais, de conformidade co disposto no artigo 41 do REGULAMENTO (UE) Nº 2021/1139, de 7 de xullo, polo que se establece o FEMPA, dado que o beneficiario da operación é un organismo público, a porcentaxe do investimento elixible é do 100% e, en aplicación do seu artigo 40, a porcentaxe de cofinanciamento polo FEMPA é do 70 %.

QUINTO:

Que as partes anteriormente referenciadas consideran de mutuo interese a realización dunha serie de accións que redunden nunha mellora do sector conserveiro e das industrias relacionadas en materias tales como comercialización, promoción e fomento do consumo de produtos transformados.



SEXTO:

Que para o desenvolvemento das actividades que se indican máis adiante, as partes, de forma conxunta, dispoñen de medios humanos e materiais suficientes.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS**PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO**

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e ANFACO-CYTMA para a coordinación de accións de promoción da comercialización nacional e internacional das conservas e transformados de peixes e mariscos de Galicia. As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

1) COMPETITIVA 360: ENCONTROS GLOBAIS PARA A MELLORA DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR

Nun sector en constante transformación, con cambios na lexislación, aparición de novas ferramentas, gran innovación tecnolóxica ou variacións no tecido empresarial, entre outros, preséntase como fundamental facer chegar ás empresas a información máis relevante e destacada en diversos ámbitos que apliquen ao sector, de xeito que este coñecemento lles permita mellorar e adecuar as súas estratexias empresariais a curto, medio e longo prazo.

É por este motivo, o de ofrecer ás empresas a ferramenta do coñecemento, que se propón a **realización duns encontros informativos, globais en canto á súa temática e destinados a mellorar**



a **competitividade do sector**. Estes encontros virarían ao redor de temas primordiais como o comercio, a internacionalización, a sustentabilidade, a seguridade alimentaria, a dixitalización, o I+D+i ou as ferramentas de promoción e márketing.

2) DO MAR AO PADAL: ACTIVIDADES EXPERIENCIAIS, DEGUSTACIÓNS E EVENTOS DE PROMOCIÓN DAS CONSERVAS E OS PRODUTOS DO MAR

Todas as accións creadas por e para poñer en valor as conservas e os produtos de mar son determinantes na incentivación do consumo e, polo tanto, o fomento da súa comercialización. Estas accións coordinadas permiten crear e/ou reforzar unha base transversal para promover e visibilizar os produtos do sector mar-industria; ao mesmo tempo, ofrecen ao consumidor final a posibilidade de coñecer de primeira man calidades tan ligadas ao produto como o seu sabor, versatilidade ou valor nutricional.

Noutro nivel, estas actividades conforman a plataforma perfecta para realzar a cultura, a historia e o coidado necesario e esixido para o proceso de elaboración destes produtos, poñendo desta maneira en valor o produto final que chega á mesa, grazas á visibilización de toda a cadea de valor do sector. Esta narrativa, baseada na historia, cultura e saber facer do sector, axuda tamén a achegar confianza ao consumidor nas conservas e produtos transformados de peixe e marisco.

Ademais, estas accións de promoción serven de escaparate para os produtos de conserva e mar de Galicia, informando sobre as súas características fundamentais a nivel nutricional ou culinario, o que propicia o aumento na demanda destes.

Articuladas ao redor de diferentes eixos, mensaxes e impacto, contribúen tamén a dous obxectivos fundamentais. Por unha banda, fomentan hábitos de alimentación saudables, xa que son unha proposta nutritiva e equilibrada. Doutra banda, difunden a educación gastronómica e cultural da rexión non só entre consumidores habituais, senón tamén nunha nova xeración que descobre,



grazas a estas iniciativas, as posibilidades das conservas e produtos transformados de peixe e marisco.

Nunha situación actual onde a demanda e o consumo destes produtos mostra unha tendencia á baixa, faise máis necesario que nunca realizar estas accións de promoción non só entre o consumidor habitual, senón tamén aquelas destinadas a un público máis novo, asentando as bases dunha nova xeración de consumidores que aseguren o futuro do sector. Neste sentido, **proponse a realización de diferentes accións de promoción gastronómica, que poderán ser articuladas a través de showcookings , talleres, degustacións, catas e maridaxes, actividades participativas desenvolvidas en distintas contornas como espazos públicos, feiras profesionais, congresos, encontros, salóns gastronómicos, festivais, eventos deportivos ou contornas educativas, como podería ser a realización dunha terceira edición de “A Matriculata ”, por exemplo.**

3) PRESENZA EN FESTIVAL DE MÚSICA

Os festivais de música, celebrados por toda a xeografía e cun ambiente lúdico, preséntanse como un espazo ideal para conectar co público novo. Esta contorna permítenos realizar accións promocionais creativas e frescas, que poñan en valor as calidades diferenciais das conservas, como son: a calidade, a versatilidade, o valor nutricional e as posibilidades gastronómicas.

Ademais, neste tipo de festivais, as iniciativas diferentes son moi apreciadas polo público, o que nos permite achegarnos desde outra perspectiva ao consumidor, mostrando nun mesmo lugar todas as calidades que estes produtos ofrecen ao público novo e incentivando unha experiencia 360. Neste sentido, **proponse a participación nun festival musical que podería ter as seguintes actividades, a pactar coa organización do evento:**

- ✓ **Experiencias gastronómicas como maridaxes relacionadas coa música, catas que reinterpretan pratos “de moda” mediante conservas ou pratos creados *in situ* por algún chef que participe na activación.** Estas accións crean un recordo na memoria e asocian estes produtos a algo positivo e memorable, ao mesmo tempo que contribúen a crear unha cultura gastronómica ao redor das conservas e mostran opcións culinarias diferentes e



sinxelas, propiciando o seu coñecemento e, en consecuencia, o seu consumo e comercialización.

- ✓ **Fomentar o *compromiso* mediante un photocall ou outra activación que permita ao público presente interactuar de maneira divertida e, ao mesmo tempo, promova a difusión e amplificación da campaña en RRSS. Este compromiso pode verse reforzado coa realización dalgunha actividade adicional participativa.**

4) ACCIÓNS DE PROMOCIÓN INTERNACIONAL

A promoción das conservas de peixe e marisco no contexto internacional é clave para fomentar a súa comercialización en mercados exteriores, xa sexan aqueles consolidados ou na apertura de novos. A rexión de Galicia é amplamente coñecida e recoñecida pola súa variedade de produtos de mar, que ademais son percibidos internacionalmente como de gran calidade, o que se traduce nunha exportación actual a máis de 110 países.

A internacionalización é fundamental como panca de crecemento do sector na conxuntura económica actual, xa que é decisiva tanto para consolidarse en mercados nos que é referente como para asentarse en novos, seguindo estratexias de crecemento e diversificación.

Así, resulta imprescindible acompañar e apoiar as empresas nas súas accións de acceso ao comercio exterior, de xeito que se impulse de forma conxunta a internacionalización do sector.

Desta maneira, co obxectivo de fomentar e promocionar a imaxe exterior do sector industrial transformador e de conservas de peixe e marisco e de acuicultura de Galicia e, ademais, de impulsar a súa presenza en mercados estratéxicos, propónse a promoción dos devanditos produtos mediante a participación en feiras de alimentación internacional prioritarias para o sector, como poden ser: Madrid Fusión (Madrid, 26-28 de xaneiro de 2026); Gulfood (Dubái, 26-30 de xaneiro de 2026); Alimentaria (23-26 de marzo de 2026); Seafood Expo Global (Barcelona, 21-23 de abril de 2026), PLMA Ámsterdam (19-20 de maio de 2026) ou SIAL Paris (París, 17-21 de outubro de 2026); aínda que outras opcións poden ser consideradas atendendo a cambios estratéxicos do sector.



Dentro da participación nas devanditas feiras, propónse:

- ✓ **Participación en feiras e encontros internacionais, fortalecendo a presenza do sector e xerando novas oportunidades comerciais.**
- ✓ **Organización de eventos de presentación e/ou degustación de produtos de mar para dar a coñecer a calidade e diversidade das conservas e os produtos do mar ante públicos e profesionais internacionais.**
- ✓ **Prospección de mercados prioritarios, mediante visitas a puntos de venda e análise in situ da demanda e posicionamento dos produtos do mar.**

5) CAMPAÑA DE POSICIONAMENTO DIXITAL DAS CONSERVAS E PRODUTOS TRANSFORMADOS DE PEIXE E MARISCO

As redes sociais son, na actualidade, unha canle de comunicación crucial para chegar aos consumidores xa que, segundo o último “Estudo Anual de Redes Sociais de IAB 2025”, as redes sociais forman parte do día a día de máis de 32 millóns de persoas, cunha idade de entre 12 e 74 anos. Estes datos confirman que a contorna dixital debe ser prioritaria e estratéxica, máxime se temos en conta a boa acollida que tivo a campaña dixital levada a cabo en 2024, segundo os datos obtidos.

Así, co obxectivo de visibilizar e posicionar as conservas de peixe e marisco na mente do consumidor, propónse a **creación dunha campaña de posicionamento nas canles dixitais que apoién a difundir mensaxes clave entre os consumidores actuais e potenciais, aproveitando a penetración, segmentación e personalización que as redes sociais nos ofrecen, para trasladar información referida á calidade, versatilidade, valor nutricional e posibilidades das conservas.**

Co fin de trasladar estas mensaxes, que realzan os beneficios do produto, adaptados á contorna dixital, **propónse crear contidos susceptibles de ser difundidos en diferentes formatos en función da campaña** como, por exemplo: ilustracións, imaxes fixas, imaxes en movemento (*gifs*) ou vídeos



curtos en formato *reel* . Ademais, **proponse a colaboración con diferentes creadores de contido** que difundan mensaxes concretas de ámbitos variados como gastronomía, saúde, nutrición, deporte, etc. e que acheguen as conservas e os transformados do mar desde diferentes perspectivas.

Con esta campaña, preténdese avanzar na contorna dixital unha presenza multicanle e multi-mensaxe da industria transformadora e conserveira; co fin de posicionar na mente do consumidor, xa sexa potencial ou de facto, os produtos da conserva, as súas características nutricionais, versatilidade, entre outras mensaxes, para lograr a súa promoción e incentivar así a súa compra.

6) REALIZACIÓN DE MATERIAIS DE PROMOCIÓN DO SECTOR

Os materiais promocionais e informativos constitúen unha ferramenta de promoción e difusión fundamental nas mensaxes para difundir sobre as conservas e produtos de peixe e marisco. Pola súa banda, estes materiais son unha peza atractiva, educativa e transversal que serve ademais de apoio en actividades de todo tipo como feiras, eventos e puntos de venda.

Por tanto, **proponse a creación de diferentes materiais, xa sexa en formato audiovisual ou físico, como poden ser vídeo, merchandising, folleto, receitao ou flyer, entre outros, cuxo obxectivo é visibilizar e poñer en valor a industria transformadora e conserveira e os seus produtos como un sector moderno, sostible, innovador e estratéxico, capaz de transformar o mar nun produto de alta calidade, versátil a nivel gastronómico e exemplo de economía responsable.**

SEGUNDA.- CONDICIÓN ECONÓMICAS

A Consellería do Mar contribuirá á realización das accións comprendidas no obxecto do presente convenio cunha achega económica que ten como finalidade compensar a ANFACO-CYTMA polos gastos nos que incorre como consecuencia de levar a cabo as actuacións obxecto do convenio, cifrada na cantidade de cento noventa e oito mil catrocentos corenta euros (198.440,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 2026.16.02.723B 640.0, código de proxecto 2023 00197 S, do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026, sendo



esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse, pola súa propia natureza, como un activo configurado como un investimento de carácter intanxible que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais de carácter material.

Para a realización das accións obxecto deste convenio, ANFACO-CYTMA contribuirá cun máximo de cento noventa e oito mil catrocentos corenta euros (198.440,00 €), achega na que se poderán asignar custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento, etc.) que a entidade empregue no desenvolvemento das accións contempladas na cláusula primeira e responsabilizarse de organizalas na súa totalidade, en estreita colaboración coa Consellería do Mar.

De conformidade ao establecido no artigo 54. b) do Regulamento 2021/1060 pola que se establecen as disposicións comúns ao FEDER, FS+ FC, FTJ e FEMPA, serán elixibles os custes indirectos nos que incorra a entidade na súa execución ata un máximo do 15 % dos custes directos de persoal que se xustifiquen con cargo ao convenio.

No caso de que a execución das actividades contempladas na cláusula primeira e realizadas no marco deste convenio de colaboración non supoñan o gasto da cantidade máxima prevista nos parágrafos anteriores, cada una das partes asinantes deberá asumir o 50% dos gastos nos que efectivamente incorran, coa excepción de que a comisión de seguimento creada na cláusula quinta emita outro ditame.

A tramitación do expediente é ordinaria e anticipada de gasto e a eficacia deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, tendo en conta o disposto na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada respectivamente pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola do 25 de outubro de 2001, e existe crédito previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2026, aprobado o 17 de outubro de 2025 polo Consello da Xunta, xustificándose pola complexidade da execución, necesidade de asegurar a permanencia necesaria para o impacto das campañas a desenvolver e duración prevista dalgunhas das actuacións recollidas no presente convenio, que fan necesario o seu inicio nos primeiros meses de 2026.



As actuacións recollidas no presente convenio (ANEXO A) son financiáveis, nun 70 %, co Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (FEMPA). Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende a través da contratación que se propón no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Medida do FEMPA: 2.2.2. “Mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas. Feiras” prevista no artigo 26 Regulamento (UE) 2021/1139. Esta participación farase constar en todas cantas actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.

ANFACO-CYTMA empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

Poderanse facer pagos parciais contra da presentación das facturas polos investimentos inmateriais realizados, ás que se xuntarán as memorias de cada actividade e as certificacións actualizadas expedidas por cadansúa administración, que acrediten que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa Administración da Xunta de Galicia. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, para estes efectos.

Para facer efectivo o último pagamento, presentarán a memoria final á que se fai referencia na cláusula terceira seguinte.

TERCEIRA.- OBRIGAS

ANFACO-CYTMA obrígase a realizar as accións especificadas na cláusula primeira do presente convenio.

No marco do presente convenio, ANFACO-CYTMA obrígase a facer constar a participación da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste convenio.



ANFACO-CYTMA obrígase a planificar e coordinar xunto coa Consellería do Mar as actividades e eventos a celebrar dentro do marco do presente convenio e o plan de comunicación aparelado a este, notificando coa maior antelación posible e, en calquera caso, nun prazo nunca inferior a un mes, as datas e programa provisional dos mesmos.

Finalmente, e antes do 30 de novembro do 2026, presentará diante da Consellería do Mar unha memoria descritiva da realización do obxecto do convenio, así como unha conta de resultados en relación á finalidade do convenio, que abrangha todos os gastos e ingresos nos que se incorreu na organización das accións obxecto do convenio.

Ademais, deberá achegar xustificantes dos gastos realizados, que consistirán, de forma xeral, nas facturas desagregadas e demais xustificantes de gasto de valor probatorio equivalente, contratos (de obra ou servizo) e nóminas, detallados ao máximo posible. Así mesmo, deberá presentar xustificantes de pago referidos ás facturas e demais xustificantes de gastos achegados. Os xustificantes bancarios deberán soportar o número de factura ou facturas pagadas, no caso de transferencias, así como o beneficiario, importe, emisor e data, entre outros, de tal xeito que se poida asegurar a rastrexabilidade da operación xustificada.

CUARTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A realización das actuacións previstas neste convenio non levará consigo ningún tipo de relación de carácter laboral entre a Consellería do Mar e as persoas que interveñan ou puideran intervir na súa execución, sendo ANFACO-CYTMA responsable das obrigas sociais e laborais que se puideran derivar da contratación, pola mesma, do referido persoal.

QUINTA.- SEGUIMENTO

Para os efectos de coidar do cumprimento de estipulado no presente convenio créase unha comisión de seguimento do mesmo, que estará composta pola persoa responsable da Subdirección Xeral de Valorización dos Produtos do Mar, ou persoa en quen delegue, en representación da Consellería do Mar, e pola responsable de Promoción de ANFACO-CYTMA. A dita comisión, que se



xuntará a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

Neste senso, ANFACO-CYTMA atenderá ás indicacións, suxestións e requirimentos que se lle formulen desde a Consellería do Mar en relación co obxecto do presente convenio e o plan de comunicación aparelado ás actividades do mesmo.

Será necesario que, con anterioridade á execución das diferentes actividades, a Consellería do Mar dispoña de toda a información dos eventos e que dea o seu visto e prace antes da súa realización.

SEXTA.- VIXENCIA

A vixencia do presente convenio estenderase dende a súa sinatura e ata o 15 de decembro de 2026, non sendo susceptible de prórroga.

SÉTIMA- RESOLUCIÓN

Serán causa de resolución do convenio as legalmente establecidos, o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

OITAVA.- CARÁCTER DO CONVENIO

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada Lei.

A tramitación do expediente é ordinaria e anticipada de gasto e a eficacia deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, tendo en conta o disposto na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada respectivamente pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola do 25 de outubro de 2001, e existe crédito previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade



Autónoma para o exercicio 2026, aprobado o 17 de outubro de 2025 polo Consello da Xunta, xustificándose pola complexidade da execución, necesidade de asegurar a permanencia necesaria para o impacto das campañas a desenvolver e duración prevista dalgunhas das actuacións recollidas no presente convenio, que fan necesario o seu inicio nos primeiros meses de 2026.

NOVENA.- LITIXIOS

As cuestións controvertidas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán solventarse pola comisión de seguimento á que se refire a cláusula quinta anterior. Se non se puidera alcanzar o dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso- administrativa.

DÉCIMA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data ao comezo indicados.



Pola Consellería do Mar

Por ANFACO-CYTMA

A conselleira do Mar

O secretario xeral

Marta Villaverde Acuña

Roberto Carlos Alonso Baptista de Sousa

ANEXO A

CADRO RESUMO DAS ACCIÓNS PROPOSTAS E ORZAMENTO GLOBAL

ACCIÓNS	APORTACION ANFACO-CYTMA	APORTACION CONSELLERIA DO MAR	TOTAL (IVE INCLUÍDO)
COMPETITIVA 360: ENCONTROS GLOBAIS PARA A MELLORA DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR Deseño, planificación, coordinación, preparación do programa e documentación. Convocatoria, xestión de asistentes, comunicación, etc. Gastos relatores (viaxes, aloxamento, traslados), aluguer plataforma, equipo técnico, produción de materiais, entre outros.	16.940,00 €	12.100,00 €	29.040,00 €
DO MAR AO PADAL: ACTIVIDADES EXPERIENCIAIS, DEGUSTACIÓNS E EVENTOS DE PROMOCIÓN DAS CONSERVAS E OS PRODUTOS DE MAR Planificación, organización, deseño do contido das actividades, coordinación, xestión, preparación da documentación e comunicación, etc. Servizo de cociña (cociñeiro, axudante, etc.) e sala (catadora, camareiros, etc.). Material para as demostracións de cociña e/ou degustacións. Outros servizos de organización (aluguer de equipo técnico, aluguer e reserva de espazos e lugar de celebración, decoración, produción de material promocional e divulgativo, etc.).	48.400,00 €	50.820,00 €	99.220,00 €
PRESENZA EN FESTIVAL DE MÚSICA Planificación, organización e deseño do contido das actividades. Coordinación, xestión, preparación da documentación e comunicación, etc. Servizo de cociña (cociñeiro, axudante, etc.) e persoal de apoio.	33.880,00 €	41.140,00 €	75.020,00 €



<p>Material para as demostracións de cociña e/ou degustacións.</p> <p>Outros servizos de organización: aluguer de equipo técnico, aluguer e reserva de espazos e lugar de celebración, montaxe, desmonte, decoración, produción de material promocional e divulgativo, etc..</p>			
<p>ACCIÓN DE PROMOCIÓN INTERNACIONAL</p> <p>Coordinación, xestión das actividades para realizar, xestión das invitacións de asistentes, comunicación, etc.</p> <p>Viaxe, traslados e aloxamento.</p> <p>Outros gastos de participación (transporte mostras, intérprete, decoración de espazos, etc.).</p> <p>Material para as demostracións de cociña e/ou degustacións.</p> <p>Gastos para a realización dos eventos de presentación / degustación (servizo de cociñeiro, axudante, servizo de sala, consumibles de cociña, catering, transporte, aluguer de equipos, megafonía, etc.)</p> <p>Realización de informes de prospección nos mercados exteriores.</p>	45.980,00 €	42.350,00 €	88.330,00 €
<p>CAMPAÑA DE POSICIONAMENTO DIXITAL DAS CONSERVAS E PRODUTOS TRANSFORMADOS DE PEIXE E MARISCO</p> <p>Planificación, deseño, coordinación, supervisión e comunicación, etc.</p> <p>Deseño, produción, creación de contidos e colaboracións.</p> <p>Xestión, promoción e difusión dos contidos.</p>	39.930,00 €	37.510,00 €	77.440,00 €
<p>REALIZACIÓN DE MATERIAIS DE PROMOCIÓN DO SECTOR</p> <p>Planificación, selección e tratamento dos contidos, coordinación, supervisión, divulgación, etc.</p> <p>Deseño, edición, montaxe, locución, rodaxe, maquetación, produción, etc.</p>	13.310,00 €	14.520,00 €	27.830,00 €
TOTAL	198.440,00 €	198.440,00 €	396.880,00 €

